



BOLETÍN RSU MARZO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



POLÍTICAS E XORNALISTAS, AS MULLERES MÁIS INSULTADAS EN TWITTER

DUVI PONTEVEDRA 01/03/2021

“Twitter revélase como un territorio hostil para as mulleres, con especial incidencia naqueles ámbitos de maior proxección pública, como a política e a comunicación, que cumpren unha función esencial nas sociedades democráticas”. Esta é unha das principais conclusións do proxecto *Mulleres pontevedresas na rede. Análise do sexismo, misoxinia e discurso do odio en Twitter*, que o profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Xabier Martínez Rolán e a investigadora da Universidade da Coruña Teresa Piñeiro levaron a cabo no marco da [Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo](#). [+info](#).




A proposta de Igualdade divídese en tres cursos, cada un coa súa área temática específica

IGUALDADE LANZA TRES CURSOS FORMATIVOS ESPECÍFICOS SOBRE MULLER E CIENCIA

DUVI 02/03/2021

Ao abeiro da celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo lanzou o mes pasado unha [convocatoria especial](#) dos cursos do Itinerario formativo virtual en xénero. Os tres obradoiros ofertados, organizados arredor da temática da perspectiva de xénero no terreo científico, abranguen varias opcións temáticas: *Mulleres e ciencia*, *Introdución da perspectiva e a análise de xénero/sexo na investigación e na innovación* e *Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+I das TIC*. [+info](#).



Con máis 40 empresas participantes, un número similar ao do ano pasado

ARRANCA A PRIMEIRA EDICIÓN TOTALMENTE VIRTUAL DO FORO TECNOLÓXICO DE EMPREGO CON MÁIS DE 400 ESTUDANTES INSCRITOS

DUVI 03/03/2021

O traballo que a organización da edición XXI do [Foro Tecnolóxico de Emprego](#) tivo nos últimos meses foi inxente. Se organizar unha feira deste tipo en modalidade presencial era un reto, pasar todas estas actividades, relatorios, mesas redondas, entrevistas, obradoiros e entrega de currículos a unha contorna virtual foi un verdadeiro desafío. [+info](#).



Varela, Said e Martínez, nunha xuntanza virtual no Campus Remoto da Universidade de Vigo

O OBSERVATORIO DA GOBERNANZA PARTICIPA NO DESEÑO DUN SIMULADOR PARA A TOMA DE DECISIÓNS NA XESTIÓN SANITARIA DUNHA PANDEMIA

EDUARDO MUÑOZ DUVI PONTEVEDRA 03/03/2021

Desenvolver, tomando como punto de partida os múltiples datos xerados no sistema de saúde ao longo da crise da covid-19, unha ferramenta de simulación para a toma de decisións na xestión sanitaria dunha pandemia. Este é o obxectivo principal de *Practicum Direct*, un proxecto do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS), que reúne no seu equipo de traballo a profesionais sanitarios e expertos de diferentes áreas, entre os que se atopa o coordinador do Observatorio da Gobernanza G3, Enrique Varela. [+info](#).



Trátase dunha iniciativa inserida no programa Green Campus

O CAMPUS SUMA NOVAS CAIXAS NIÑO Á SÚA APOSTA POLA CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

DUVI PONTEVEDRA 03/03/2021


Cinco caixas niño, elaboradas no taller de madeira da Escola de Enxeñaría Forestal, colgan desde este mércores das árbores do campus, sumándose ás xa instaladas o pasado curso no marco dunha iniciativa inserida no proxecto Green Campus. A súa situación, a carón do Lérez e preto da xunqueira de Alba, fan do campus un espazo polo que transitan diferentes especies de aves, que poden buscar tamén nas súas numerosas árbores un lugar no que aniñar. [+info](#).



O PROXECTO MOBÆE LANZA UNHA CONVOCATORIA PARA APOIAR INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO SOBRE MOBILIDADE AVANZADA

DUVI 03/03/2021

O [proxecto MoBAE](#) *Cadea de Valor da Mobilidade Avanzada e Estendida en Galicia e Norte de Portugal*, coordinado pola Universidade de Vigo e integrado por investigadoras e investigadores da UVigo, a Universidade do Minho, o CSIC, o Igape e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga), acaba de lanzar unha nova iniciativa, neste caso en forma de selo de excelencia, unha medida coa que pretenden distinguir os proxectos ou ideas de negocio máis prometedores dentro do sistema produtivo de mobilidade. [+info](#).



O proxecto contou coa participación de catro empresas, dous grupos de investigación de UVigo e un centro de investigación

DESENVOLVEN UNHA APLICACIÓN PARA PREVER INCENDIOS MEDIANTE O CONTROL DA BIOMASA QUE RODEA AS ESTRADAS

DUVI OURENSE 05/03/2021

Os incendios de 2017 como os de Chandebrito e Pedrógão Grande puxeron o foco de atención na importancia que ten para a prevención dos lumes o estado da masa forestal que hai arredor de vías de comunicación e poboacións. Ao ano seguinte, en 2018, catro empresas, dous grupos de investigación da Universidade de Vigo e un centro de investigación puxeron en marcha o proxecto Topacio: Tecnoloxías de Optimización da Xestión de Infraestruturas para a Prevención de Incendios Forestais. [+info.](#)

A REDE AQUA-CIBUS PARTICIPA NUNHA NOVA INICIATIVA PARA PÓR EN VALOR A I+D+I NA ACUICULTURA

D.BESADÍO DUVI 05/03/2021

Pór en valor a promoción da acuicultura e da I+D+i neste campo, salientando as múltiples singularidades e potencialidades de Galicia neste sector. Esta é a idea básica do documental *Cultivando na auga: tradición e innovación*, unha peza audiovisual que se estreou este venres e que xurdiu produto da colaboración entre as redes Inmunogenom, que financia a Xunta de Galicia e coordina o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Paulino Martínez Portela, e a rede iberoamericana Aqua-Cibus que financia o Programa Iberoamericano de Ciencia y Tecnología para el Desarrollo Cyted e que coordina o catedrático da UVigo Jesús Simal Gándara. [+info.](#)


UNHA VINTENA DE ESTUDANTES SÚMANSE UN VOLUNTARIADO QUE BUSCA ESPALLAR O GALEGO

DUVI PONTEVEDRA 05/03/2021

Reunirse e conversar en galego. Esa é a premisa en torno á que se articula o proxecto de voluntariado lingüístico impulsado do programa *Falamos*, unha iniciativa impulsada pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e a Área de Normalización Lingüística (ANL) da Universidade de Vigo que busca promover o uso do galego como lingua de socialización entre o alumnado. [+info.](#)



Captura do arranque do vídeo



Unha xuntanza virtual puxo inicio á segunda quenda desta actividade



Unha xuntanza virtual puxo inicio á segunda quenda desta actividade

A UNIVERSIDADE PON EN MARCHA SUCEDE, UN NOVO SERVIZO PARA IMPULSAR O EMPRENDEMENTO

M. DEL RÍO DUVI 05/03/2021

Hai dez anos nacían os Premios Incuvi Emprande, unha preincubadora para as ideas empresariais postas en marcha polo alumnado. Co paso dos anos e tras dar acubillo a dúcias de proxectos, esta convocatoria foise ampliando de cara á consolidación destas ideas ata convertelas en negocios viables. Pero moitas das propostas presentadas a estes premios quedaban fóra e sen un paraugas institucional que lles permitisen seguir adiante. Para tratar de prestarlles apoio, a Área de Emprego acaba de poñer en marcha o Servizo Universitario de Creación de Empresas do Estudantado (Sucede). [+info](#).



Imaxe da xuntanza de lanzamento do proxecto

O PROXECTO EUROPEO DE DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL RURALLURE BOTA A ANDAR

DUVI 05/03/2021

A descrición xeral do proxecto, así como dos pilotos que o integran e das contribucións dos socios, centraron as tres xornadas de traballo que celebraron as e os representantes das organizacións e institucións de investigación europeas que integran o proxecto internacional rurAllure. Liderado pola Universidade de Vigo e cun financiamento de 3 millóns de euros procedentes do programa H2020 da Comisión Europea, rurAllure ten como obxectivo da divulgación do patrimonio cultural que rodea ás grandes vías de peregrinación de Europa. [+info](#).




Imaxe da xuntanza de lanzamento do proxecto

FILOLOXÍA E TRADUCIÓN E ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA REIVINDICAN AS MULLERES DAS LETRAS E DA TECNOLOXÍA

DUVI 08/03/2021

Aínda que o acto institucional de celebración do Día Internacional da Muller na Universidade de Vigo será mañá martes, neste 8M foron varios os centros do campus de Vigo que se sumaron ás celebracións. Entre eles, a Facultade de Filoloxía e Tradución, que lanzou unha serie de vídeos sobre mulleres senlleiras do eido das letras, e a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, que ademais dun relatorio sobre o papel das mulleres neste campo profesional, tamén fixo entrega dos premios do concurso Mulle_Rme. [+info](#).

Marzo 2021.




As galardoadas fixeron extensible o premio a todas as persoas implicadas na iniciativa

O PREMIO UVIGUALA RECOÑECE O PROXECTO EXXPERIMENTA EN FEMININO POR VISIBILIZAR O PAPEL DA MULLER NA CIENCIA

DUVI OURENSE 09/03/2021

Baixo o nome de Exxperimenta en Feminino, no ano 2017 botou a andar unha iniciativa na que cada curso arredor 120 profesoras e investigadoras da Facultade de Ciencias, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense se alían para organizar diferentes actividades, entre elas unha feira divulgativa, de visibilización da muller na ciencia e de fomento das vocacións STEM. [+info.](#)

5



UN LIBRO ELECTRÓNICO RECOLLE O ESTADO ACTUAL DO COÑECEMENTO SOBRE BIODIVERSIDADE DO SOLO E PRÁCTICAS AGRÍCOLAS

DUVI OURENSE 10/03/2021

Cun orzamento de case sete millóns de euros, 22 socios de sete países e liderado desde o campus de Ourense polo investigador David Fernández Calviño, no ano 2019 arrancou o proxecto europeo SoildiverAgro co obxectivo de avanzar na adopción de novas prácticas e sistemas de cultivos que melloren a biodiversidade do solo. No marco desta iniciativa vén de publicarse en formato electrónico o libro *Interactions between agricultural management and soil biodiversity: an overview of current knowledge..* [+info.](#)



A UVIGO IMPULSA 'PONTE EN FORMA', UN PROGRAMA DEPORTIVO PARA COMBATER OS EFECTOS FÍSICOS E PSICOLÓXICOS DA PANDEMIA

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 11/03/2021

Despois dun ano de confinamentos, restricións e peches constantes de ximnasios e instalacións deportivas, a Área de Benestar, Saúde e Deporte da Universidade de Vigo impulsa *Ponte en forma*, un programa para que a comunidade universitaria retome o exercicio e os hábitos de vida saudables. Aínda que a campaña ten unha duración cuatrimestral, a idea é que sirva para consolidar o interese pola práctica deportiva en persoas sedentarias, así como para combater os efectos físicos e psicolóxicos da pandemia da covid-19. [+info.](#)



Águeda Gómez e Adriana González na Delegación de Alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial

AS MULLERES DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA XA PODEN ACCEDER A COMPRESAS E TAMPÓNS DE BALDE

D. BESADÍO DUVI 12/03/2021

Tal e como se anunciou este luns, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller, a maior parte das delegacións de alumnado das facultades e escolas dos tres campus dispoñen xa de compresas e tampóns para que todas as mulleres da comunidade universitaria que o precisen poidan acceder a elas de xeito gratuíto. Así se fará ao longo das vindeiras semanas, si ben, a idea é que nun prazo breve de tempo, se acceda a estes produtos de hixiene a través de dispensadores que se colocarán nos baños. [+info](#).

A ÁREA DE BENESTAR LANZA UN NOVO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA AO AIRE LIBRE

D. BESADÍO DUVI 12/03/2021

Rutas a pé e en bicicleta, busca de tesouros, actividades de orientación... A Área de Benestar, Saúde e Deporte porá en marcha a partires da vindeira semana un novo programa de actividades para fomentar a práctica deportiva ao aire libre. Bautizado como [ExploraCampus](#), arrancará de forma experimental a próxima semana no campus de Vigo e, se todo sae segundo o previsto, a idea é que a medio prazo poida estenderse aos campus de Ourense e Pontevedra con cadanseu programa adaptado ás características propias de cada un deles. [+info](#).



Águeda Gómez e Adriana González na Delegación de Alumnado da Escola de Enxeñaría Industrial

UNIVERSIDADE E CONCELLO ASINARÁN UN CONVENIO PARA A CONSTRUCCIÓN DO SKATE-PARK E A REURBANIZACIÓN DO CAMPUS

DUVI PONTEVEDRA 15/03/2021

O reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, mantivo este luns unha reunión co alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, centrada no convenio que ambas institucións asinarán proximamente para a construción dun skate-park e a reurbanización do campus da Xunqueira. [+info](#).



Puentes, Reigosa e Fernández Lores reuníronse este luns no Concello. Foto: Concello de Pontevedra



Tras dous anos e medio de traballo, baixo a coordinación de Feeding Systems, este luns presentaron o prototipo

O PROXECTO SEAFEED PRESENTA UN SISTEMA AUTÓNOMO E INTELIXENTE DE ALIMENTACIÓN PARA ACUICULTURA

DUVI 15/03/2021

Tras dous anos e medio de traballo, o consorcio formado polas empresas Feeding Systems, Engranor, Quantum Innovative e Montajes Cancelas e a Universidade de Vigo presentou este luns o prototipo final dun sistema autónomo e intelixente para a alimentación de gaiolas acuícolas no mar. Este deseño é o froito do proxecto Seafeed, que botou a andar en marzo de 2018 co fin de deseñar e fabricar un alimentador que servise para granxas acuícolas pequenas e mediadas. [+info](#).




Participantes no acto simbólico de pegada de carteis na Facultade de Filoloxía e Tradución

ENDOMETRIOSE, A EPIDEMIA OCULTA QUE AFECTA A 60.000 GALEGAS

D. BESADÍO DUVI 15/03/2021

A endometriose é unha doenza crónica que afecta a unha de cada dez mulleres en idade fértil, o que supón máis de 150 millóns de persoas afectadas en todo o mundo, 60.000 delas en Galicia, mulleres que, na súa meirande parte, viviron un longo calvario de anos de visitas por diferentes especialistas médicos ata conseguir un diagnóstico. Este domingo celebrouse o día mundial desta enfermidade, aínda unha gran descoñecida, tanto entre o público en xeral como para o propio sistema sanitario, e desde a Universidade de Vigo quixeron unirse á celebración desta efeméride cunha campaña divulgativa impulsada pola asociación querENDO, mulleres con endometriose. [+info](#).



No marco da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo, celebrou este mércores a primeira xuntanza

A CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 CREA UN COMITÉ DE SABIAS PARA LOITAR POR UN FUTURO DIXITAL EN IGUALDADE

M. DEL RÍO DUVI 17/03/2021

Só un 25% das mulleres estudan carreiras STEM, representando o 25,5% do alumando das enxeñarías, o 12% en Informática, o 8% en Enxeñaría de Telecomunicación ou 11% en Física. Esta infrarrepresentación pode xerar unha enorme fenda económica e salarial nun futuro no que se agarda que o 90% dos traballos vai a pertencer a estes ámbitos. Precisamente para identificar estes retos da sociedade dixital e propoñer accións de cambio, este mércores presentouse en sociedade o [Comité de Sabias da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo](#). [+info](#).

Marzo 2021.



A investigadora Rocío Rodríguez Daponte e a vicerreitora Belén Rubio na apertura das xornadas

SE QUEREMOS UNHA SOCIEDADE SOSTIBLE... ECONOMÍA CIRCULAR SI OU SI

D. BESADÍO DUVI 17/03/2021

Prever, recuperar, reutilizar, reciclar... nunha economía circular, o valor dos produtos e materiais mantense durante o maior tempo posible; os residuos e o uso dos recursos redúcense ao mínimo e, cando se supón que un produto chega ao final da súa vida útil, consérvase dentro da economía co fin de volvelo a empregar e seguir creando valor. [+info.](#)



Un intre da visita realizada ás instalacións

O CAMPUS DE PONTEVEDRA DÁ UN PASO ADIANTE NA SÚA SUSTENTABILIDADE COA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA SÚA PLANTA DE BIOMASA

DUVI 18/03/2021


“Como Universidade estamos comprometidos coa sustentabilidade e aspiramos a que nos nosos tres campus fágase un uso responsable das enerxías alternativas e sexamos un exemplo que amosar á sociedade”, salientou o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, na visita que este xoves realizou xunto co vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde, e o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, á nova planta de produción e distribución de enerxía a partires de biomasa construída no campus de Pontevedra. [+info.](#)



O PROXECTO GEO4RADÓN PRESENTA O PROTOTIPO DUN SISTEMA DE APROVEITAMENTO DE ENERXÍA XEOTÉRMICA QUE USA DIFERENTES TIPOS DE RENOVABLES

M. DEL RÍO DUVI 18/03/2021

O proxecto Geo4radón rematou case tres anos de traballo coa presentación esta semana do prototipo final dun sistema de aproveitamento de enerxía xeotérmica. A súa principal innovación é que integra nun único dispositivo diferentes tipos de enerxías renovables, en concreto, enerxía aerotérmica e solar térmica. [+info.](#)



A CUARTA EDICIÓN DO ITINERARIO VIRTUAL DE FORMACIÓN EN XÉNERO ESTREA OITO NOVOS CURSOS

M. DEL RÍO DUVI 22/03/2021

En marzo de 2020 e coincidindo coa celebración do 8M, presentábase no campus de Ourense o estudo *Valoracións, percepción e impacto das políticas de igualdade entre mulleres e homes na Universidade de Vigo*. Unha das súas principais conclusións era que o 70% dos membros da comunidade universitaria querían mellorar os seus coñecementos sobre igualdade. Desá necesidade naceu o [Itinerario Virtual de Formación en Xénero](#), unha iniciativa formativa da Unidade de Igualdade que xa acada a súa cuarta edición. [+info.](#)



Imaxe das "olimpiadas interxeracionais" desenvolvidas en Sanxenxo antes da pandemia

UN PROXECTO EUROPEO ESTUDARÁ EN SEIS PAÍSES COMO FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA ENTRE AS PERSOAS MAIORES

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 22/03/2021


O proxecto europeo *In Common Sports*, do que forma parte o grupo de investigación HealthyFit, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, ten como obxectivo tanto desenvolver programas de actividade física e torneos deportivos para maiores de 65 anos, como analizar os efectos que estes teñen na súa calidade de vida e a influencia que ten a competición como factor de motivación. [+info.](#)



O PROXECTO EBB PRESENTA AS SÚAS PROPOSTAS PARA A XESTIÓN UNIFICADA DOS PRINCIPAIS BIOBANCOS MARIÑOS DE EUROPA

DUVI 23/03/2021

As coleccións de cultivos e os biobancos de recursos biolóxicos mariños son ferramentas poderosas para a preservación da biodiversidade mariña e o uso sostible dos recursos dos océanos. Pero para que o seu funcionamento sexa máis sinxelo e fluído é necesaria unha coordinación transnacional, que é o obxectivo principal do [proxecto European Blue Biobank \(EBB\)](#), liderado polo Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo e enmarcado na Infraestrutura Europea á que pertence, EMBRC (European Marine Biological Resource Centre). [+info.](#)




Intervención de representantes de Deloitte

40 FIRMAS E MÁIS DE MEDIO MILLAR DE PARTICIPANTES NA I EDICIÓN VIRTUAL DE FORO EMPLEO

D. BESADÍO DUVI 24/03/2021

Tres intensas xornadas de actividades en liña coa participación de 39 empresas e institucións e 577 persoas inscritas. A terceira edición de Foro Empleo, evento organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais pero aberto á participación de todo o alumnado, cambiou a presencialidade polo formato virtual obrigado pola pandemia, pero mantén intacto o espírito de facilitar o acceso ás alumnas e alumnos da Universidade de Vigo ao mercado laboral. [+info.](#)

10



Na iniciativa da FAO, 'State of Knowledge of Soil Biodiversity', toman parte máis de 300 investigadores (Foto: 'State of Knowledge of Soil Biodiversity')

A CATEDRÁTICA M^a JESÚS IGLESIAS BRIONES PARTICIPA NO INFORME INTERNACIONAL MÁIS COMPLETO SOBRE O ESTADO ACTUAL DA BIODIVERSIDADE DO SOLO

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 26/03/2021

A importancia que desde hai tempo se lle dá á biodiversidade aérea, en especial á de plantas e animais, non se corresponde coa que se lle outorga á biodiversidade do solo, que non obstante é responsable da provisión de servizos sistémicos tan determinantes como a regulación do clima, a achega de auga limpa ou a protección fronte a pragas e enfermidades. [+info.](#)

UNHA CONFERENCIA ABORDA A CAPACIDADE XURÍDICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

DUVI OURENSE 26/03/2021

O marco legal das persoas con discapacidade foi o tema central dunha conferencia que este venres acolleu a Facultade de Dereito do campus de Ourense a través do Campus Remoto da UVigo. Carlos Lasarte, catedrático emérito de Dereito Civil da UNED, foi o encargado de falar ao alumnado e profesorado asistente sobre este “tema extraordinariamente difícil”. Na súa intervención abordou os pasos normativos que se están dando no eido do recoñecemento da capacidade xurídica propia das persoas con discapacidade. [+info.](#)



Fernando Franco, Carlos Lasarte e Susana Álvarez durante a sesión




Soto e Cancela, no equipamento instalado a carón de Fisioterapia

O CAMPUS PROMOVE A PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FÍSICA CUN PARQUE DE CALISTENIA

DUVI PONTEVEDRA 26/03/2021

Co propósito de promover a práctica de actividade física e tamén de promover un maior uso dos espazos exteriores do campus, a Vicerreitoría instalou, a carón da Facultade de Fisioterapia, un parque de calistenia, unha serie de equipamentos que permiten realizar diferentes exercicios a partires do traballo co propio peso corporal. [+info.](#)

11



Jaime Cabeza, á esquerda, acompañado polo resto de membros do Comité Editorial

DOCENTES DE DEREITO DO TRABALLO DE 17 UNIVERSIDADES LANZAN UNHA PLATAFORMA DIXITAL PARA ACHEGAR O DEBATE LABORAL Á CIDADANÍA

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 26/03/2021

Docentes de 17 universidades españolas, incluída a Universidade de Vigo, acaban de facer público un novo proxecto: unha [plataforma dixital](#) coa que achegar ao conxunto da sociedade e os medios de comunicación debate e reflexión sobre as principais cuestións que afectan na actualidade ao mundo laboral. Bautizada como NET21, Nuevo Estatuto de Los Trabajadores del siglo XXI, a iniciativa xorde co claro obxectivo de analizar a actualidade do mundo laboral, propoñer reformas e cooperar no deseño de políticas do dereito que afonden “na democracia que promete a Constitución”. [+info.](#)

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640

